



Discurso de investidura do 17 de xuño de 2023

Veciñas e veciños de Santiago, membros da nova corporación que me elixe como alcaldesa, representantes de distintas institucións e entidades, persoal do Concello, familia persoal e política, amizades...

Quero, antes de nada, expresar a miña intensa emoción e a gran responsabilidade con que tomo posesión do cargo de alcaldesa de Santiago. Non atopo maior honra que ter a oportunidade de contribuír a mellorar a vida do noso concello. A política só ten xustificación se o fin é facer máis felices ás persoas, construír un mundo mellor, deseñar, no noso caso, un concello novo. Aí reside a súa grandeza, que non é pouca. Esa condición de ferramenta para o benestar social é a que a moitas persoas nos compromete cada día coa acción política e nos leva a defendela con intensidade.

Nesta primeira intervención pública como alcaldesa quero facer un discurso de amor, de confianza e de esperanza. Amor a Compostela, confianza na súa xente e nos moitos e ricos recursos que este concello ten, e esperanza en podermos traballar por un futuro que nos sitúe na vangarda en feminismo e igualdade, en sustentabilidade e loita contra o cambio climático, en creación de emprego, en solidariedade e benestar, e, en definitiva, en políticas pensadas para as persoas. Porque Santiago, a cidade con historia, ten que ser tamén un concello de futuro.

Amo profundamente Santiago e estou orgullosa de vivir neste concello. Síntome afortunada de ser veciña de Sar, o que me ofrece o luxo de dar cada día un paseo marabilloso até chegar ao Pazo de Raxoi. Que fortuna atravesar o Arco de Mazarelos,

a única das sete portas da cidade que se mantén en pé. Das outras só fican xa os nomes... Porta do Camiño, Porta da Mámoa, Porta Faxeira, Porta da Pena, Porta da Trindade e Porta de San Francisco.

Vestixios en forma de nomes que compoñen o catálogo do patrimonio desaparecido, unha triste relación en que entrarían, se me permiten, o Edificio Castromil da Praza de Galiza, o lavadoiro do Espiño ou a papelería das Cinco Rúas e a librería González, por citar só uns exemplos da pegada do pasado que fica nalgunhas imaxes e na nosa memoria.

Son pezas da cidade querida desaparecida. Un proceso que, sen dúbida, é responsabilidade colectiva frear para que Santiago de Compostela teña menos motivos de laiarse polo que xa foi.

Mais Santiago é un concello inabarcábel nos seus tesouros que continúa a ofrecernos descubertas sorprendentes a cada pouco. Permítanme que repare, por un momento, nunha xoia que quero traer hoxe pola súa singularidade e, en especial, polo seu carácter simbólico, unha xoia que atopou e investigou o Colectivo A Rula. Son os case douscentos alquerques, os taboleiros de xogos de orixe medieval e barroca tallados en pedra, espaxados pola cidade. Dise que estaban situados en espazos públicos, para que a xente os usase, mais tamén nas beiras, para non molestar a quen camiñase. Son magníficos exemplos da Compostela que queremos, coas rúas e prazas como lugares para a veciñanza, nun encontro social e lúdico.

Que por que digo isto? Porque desexo que este concello deixe de ser só destino turístico e parque temático e aspire a ese convivio do que falan os alquerques. Porque quero un Santiago para a xente, para vivir e gozar, do que non haxa que fuxir. Aspiramos a poder gozar dun sector turístico rico e próspero, dunha cidade cómoda e respirábel. Neste sentido, asinaremos un **Pacto polo Turismo Consciente** que, á vista está, ten cada vez máis urxencia.

Sabemos quen somos e sabemos onde imos. Esta propia Praza do Obradoiro en que nos atopamos ofrécenos a posibilidade de, nun só xiro, achar algúns dos elementos máis significativos do noso concello. Temos o turismo, como dicía, asentado na propia praza e no Hostal da beira norte. Temos as institucións públicas como son o Concello, a Xunta ou o propio Consello da Cultura -cultura, esoutro elemento primordial e sinal de identidade de Santiago-. Está tamén a Universidade, parte fulcral do noso concello, elo da construción urbana mais tamén plataforma de vangarda, de futuro, de investigación e emprego nesta que é Cidade do Coñecemento. Santiago é Universidade e permítanme que faga neste momento unha defensa tamén desa condición e da importancia que para este concello ten a comunidade universitaria, en especial, as mozas e mozos que son a marca da vitalidade do concello, do mellor que temos e o que precisamos tamén atender. E temos, no leste da Praza, a monumental catedral, o tesouro patrimonial e destino de peregrinaxe sen o que non poderíamos explicar a nosa historia. Con todos eles queremos facer camiño, para coller pulo, para identificar os problemas e procurar solucións, de mans dadas, para sumar forzas e proxectar Santiago a este século XXI que tanto nos está custando. A división de poderes, oficializada en textos legais, semella cohabitar nesta praza, cada quen nunha beira, mais todos mirando para o mesmo centro. Este será, non teño dúbida, o goberno do diálogo, do encontro, dos proxectos colectivos.

Santiago, capital de Galiza, precisa un pulo que só será realidade coa cooperación institucional e eu dou a miña palabra de que farei todo o posíbel para que sexa fluída e frutífera, en especial con aquelas que temos máis próximas como son a Xunta de Galiza e a Universidade, mais tamén toda a rede de entidades que artellan a vida da cidade. E farémonos, de igual maneira, oír no goberno do Estado e na Unión Europea, porque Compostela é cidade universal e ten que ser referencia de pensamento e debate para os retos dos nosos tempos. Ese diálogo procurareino tamén no pleno para que as decisións estratéxicas para o concello se tomen co apoio

maioritario da corporación. E, xunto ao diálogo, será, asegúrollelo, un goberno da transparencia, da honestidade e honradez absoluta.

Mais non esquezamos, porque é preciso recuperar a memoria, que nesta mesma construción, na parte traseira, estaba a Falcona, o cárcere franquista en que padeceron Isabel Ríos, Manuel Calvelo, Camilo Díaz Baliño, Francisco Comesaña e tantos outros, entre eles, o que fora alcalde de Santiago, republicano e nacionalista, Anxel Casal, que dirixiu o goberno municipal de Santiago con 8 concelleiros do Partido Galeguista nunha corporación composta por 32 membros. O seu retrato presidiu o meu despacho na Vicepresidencia da Deputación da Coruña -cargo que el tamén ocupou- e presidirá agora o da alcaldía de Santiago porque é lección da que aprender, compromiso necesario e vontade de deseñar unha Compostela de vangarda e futuro que o golpe militar trincou. Obriga moral e política é continuar agora a súa estela e homenaxear desde a institución a memoria de tantas persoas que foron represaliadas por loitaren pola liberdade e a democracia.

Porque poucos coma el e a súa compañeira María Miramontes, entenderon esta cidade como verdadeira capital dunha Galiza de seu. Esa é condición de Santiago que tamén nos enorgullece e que será un dos eixos da nosa acción de goberno, o ser capital de Galiza, centro administrativo e cultural, referente institucional e de identidade. Aí están nesa foto histórica, entregando nas Cortes da República o proxecto de Estatuto de Autonomía que está na orixe do que hoxe somos, mais é tamén xermolo do que queremos ser.

Forman parte, por dereito propio, do que Castelao chamou a Santa compañía de galegos e galegas inmortais. Permítanme que, nun día tan importante para min como é hoxe, faga a miña particular Alba de Gloria e sitúe nela a Ánxel Casal e María Miramontes, a Coralía e Maruxa, a Roberto Vidal Bolaño, ao Mestre Mateo, a Begoña Caamaño, a Xohana Torres, a Carlos e Xulio Maside, a Antonia Ferrín, ao Vello dos

Contos, a Concha Castroviejo, a Xelmirez, a Exeria, a Camilo Díaz Baliño, Isaac Díaz Pardo e tantas outras persoas que forman parte da memoria deste concello, da nosa memoria, da que debemos continuar rescatando ensinanzas. Toca lembrar nun día coma hoxe ao alcalde José Sánchez-Villamarín, que hai xusto 150 anos declarou desde o Obradoiro a república federal.

Mais, non teño a menor dúbida de que, nesa estela de gloria e honra, merece un lugar especial a escritora galega máis universal, a nosa pioneira do feminismo, Rosalía de Castro, vinculada a Santiago desde a nacemento no daquela Concello de Conxo, e en momentos determinantes da súa biografía.

Anuncio xa que este goberno botará a andar o **Proxecto Compostela, cidade de Rosalía** que será unha plataforma da nosa cultura para o exterior e converterá Santiago nunha cidade apegada á grande figura dunha poeta única que ten que ser tamén marca de identidade do noso concello.

Porque a cultura, ben o sabemos, é sector estratéxico de Compostela. Verdadeira capital cultural da nosa terra para o mundo, temos que aproveitar o noso riquísimo patrimonio, a potente creatividade e o sector económico que se xera arredor da cultura para que nos proxecte na mellor maneira que temos de presentarnos no mundo, con ambición, con orgullo de concello.

Os retos son moitos, non teño dúbida, mais imos poñer toda a forza de que dispomos para que se fagan realidade. Queremos un concello que estea na vangarda do feminismo e da igualdade. De todas as igualdades. Que significa isto? que a redución das fendas de xénero e as violencias, a integración, a eliminación das exclusións, serán obxectivos dunha política municipal social que non deixe ninguén fóra. Non podemos permitírnos ser capital do turismo e ver ao tempo persoas pasando necesidades básicas. Non teño dúbida de que un concello sen exclusións é un concello mellor para quen o habita e, por iso, apostaremos por políticas sociais que

atendan as persoas que máis o necesitan, a poboación avellentada que non chega a fin de mes e que o fai en soidade, as persoas a que a suba de prezos fixo que a súa vida fose máis complicada, e aquelas que chegan á nosa cidade e non atopan abrigo. Non podo pensar o futuro deste concello sen estar á súa beira, sen poñer sobre a mesa todas as medidas necesarias para que Compostela sexa un exemplo de concello que non deixe ninguén atrás.

Esa necesidade está tamén no cerne da transformación urbana que deseñaremos. É preciso eliminar as barreiras, todas as barreiras, e apostar por unha cidade accesíbel, integrada e que teña as persoas no centro.

Realizaremos un estudo en todo o territorio e desenvolveremos intervencións urxentes no camiño da accesibilidade universal. Queremos tomar as rúas para camiñar, para atoparnos, para pasear en prazas pensadas para compartir.

Desenvolveremos unha ampla estratexia para contribuír a enfrontar a emerxencia climática. Compostela, o concello comprometido, que pensa, ten que estar tamén no cumio de concellos pola sustentabilidade e nese camiño poremos tamén as nosas forzas. Engánase quen pense que desde os concellos non podemos facer fronte ao cambio climático. Temos, a sociedade enteira, que nos comprometer a poñerlle freo a unha desfeita ambiental e ecolóxica que estamos a padecer e que, se non lle poñemos remedio, terá consecuencias aínda maiores no futuro. Por iso é necesario que sexamos responsábeis non só co presente senón co que legamos ás xeracións que nos continuarán.

Santiago é cidade de acollida e isto debe ser, para nós, unha fortaleza para conseguir que as persoas que nos visitan sexan amplificadoras da nosa cultura no mundo, da nosa identidade. Quen se achega ao noso concello pode levar consigo un anaco da nosa identidade, unha emoción, outra maneira de xestionar os grandes temas do noso tempo.

Quero trasladar desde o inicio o meu compromiso de que este será un goberno dos coidados, para todas as persoas. Se, dentro de catro anos, o termómetro do benestar subiu puntos en Santiago, poderemos dicir que o traballo está encamiñado. Isto significa tamén a aposta indiscutíbel polos elementos que nos identifican e nos dan valor como a nosa lingua, a nosa cultura, o noso patrimonio e a nosa forma de ser e vivir.

Coidar as persoas significa traballar para que teñan, entre outros, dous dereitos básicos: vivenda e traballo. Do primeiro, poremos en marcha a maior brevidade medidas para deixar de expulsar as persoas. Santiago precisa vivendas para habitar e esa será unha das nosas prioridades. Mais necesitamos tamén postos de traballo diversificados. A actividade económica do noso concello non ten por que ser de monocultivo. Temos posibilidade de ser punteiros en distintos sectores económicos e é necesario activar todas as ferramentas para o seu desenvolvemento. En ningún lugar está escrito que Santiago non pode ser unha cidade industrial. Lembramos industrias desaparecidas dun pasado máis glorioso nun sector que ten que buscar o seu camiño, con ambición e co empuxe institucional que sexa preciso.

Atraer industria vinculada ao coñecemento e ao sector empresarial propio será un dos obxectivos dun goberno que acredita na posibilidade de crear emprego de calidade e xerar riqueza na nosa terra.

Falaba antes de comercios desaparecidos. Poderíamos facer un mapa completo dunha nómina para nós triste e desafortunada. Tampouco aquí queremos unha paleta monocolor. Santiago foi capital de comercio e faremos que volva ter ese pulo nun sector de especial relevancia para o noso concello.

Nesta Praza do Obradoiro que é corazón de Galiza mais tamén da nosa améndoa histórica, non podoo deixar de referirme a unha urxencia. A necesidade dun **Pacto pola Cidade Histórica**. Queremos que nas prazas xoguen nenos e nenas, que nos

edificios hoxe en ruínas residan familias a tempo completo, que as persoas de máis idade que viviron aquí toda a súa vida non teñan que marchar por ser imposible manter unha mínima calidade de vida. Queremos unha cidade histórica para vivirmos nós. Insisto nun lema para min de especial interese: “Se é bo para quen vive aquí, é bo para quen nos visita”.

A Cidade histórica, o noso corazón, mais tamén os barrios e o Ensanche, esa expansión rápida que merece atención e coidados, o espazo de poboación máis concentrado no que se centrará algún dos proxectos principais que definirán o goberno dos vindeiros anos.

Compostela é moito máis que o centro histórico e os seus barrios urbanos. É un rural grande e vizoso que quere servizos, que reclama igualdade de dereitos. Hoxe, neste acto solemne de toma de posesión, permítanme que traia a este salón de plenos as nosas parroquias, como compromiso de que estarán presentes na nosa acción de goberno. Á veciñanza de Aríns, Verdía, Bando, Laraño, Barciela, Nemenzo, Cesar, O Eixo, Figueiras, Grixoa, Marantes, Enfesta, Marrozos, A Peregrina, Sabugueira, Carballal, Busto, Fecha, Vidán, e Villestro asegúrolle que este concello é tan seu como da veciñanza da Praza de Galiza ou da Senra e este goberno municipal traballará arreo para que a débeda histórica desapareza e poidan vivir como merecen.

Este concello é seu como é de todas as veciñas e veciños de Compostela. Anuncio un goberno de portas abertas. Quen me coñece sabe que non podería ser doutro xeito. Nestes anos en que formei parte da corporación nunca o meu despacho estivo pechado para ninguén.

Atendín, na medida das miñas posibilidades, todas as demandas, todas as solicitudes e, mesmo estando na oposición intentei ser un elo para solucionar problemas. Agora non vai mudar esa forma de entender a política. Neste sentido, anuncio que activaremos de inmediato os consellos e outras canles de participación cidadá. O de

Santiago será un concello transparente, sen nada que ocultar. Este goberno municipal só se poderá entender coa participación da veciñanza porque vai ser a protagonista nos vindeiros catro anos da historia da política municipal de Compostela.

Solucionar problemas. Ese é un dos obxectivos dos concellos. E, por iso, é preciso que sexan áxiles, que respondan ás necesidades das persoas. Neste sentido, unha das primeiras accións do goberno será traballar pola eficacia da administración, activando protocolos e medidas necesarias para que o concello sexa unha axuda, que contribúa a facilitar a vida das persoas e ao desenvolvemento dos distintos sectores económicos.

Asegúrolles que porei toda a miña enerxía, toda a miña forza e o meu compromiso persoal e político para estar á altura de tan alta encomenda. Co corazón en Compostela, repetín neste último tempo..., mais agora acrecento coa responsabilidade, co compromiso e con toda a enerxía.

Quero rematar afirmando que fico obrigada a todas as persoas que confiaron en min, en primeiro lugar, ás concelleiras e concelleiros do BNG con que inicio agora unha intensa singradura. Agradezo tamén aos concelleiros e concelleiras do PSDG-PSOE o seu apoio para a miña elección como alcaldesa e, especialmente, ás representantes de Compostela Aberta que, ademais, formarán parte deste goberno. Mais, non podo deixar de agradecer, de maneira anticipada e xa neste día de botar a camiñar, a colaboración de todos os membros da corporación e do persoal do Concello. Son parte fundamental para que os obxectivos se convertan en realidade.

É unha inmensa honra ser a primeira muller alcaldesa da capital galega. Nestes días, recibo os parabéns e, de maneira especial, trasládanme a ledicia de que chegase este momento, de que, por fin, unha muller ocupe a alcaldía da capital galega. Sabemos que fica moito por facer, que a igualdade aínda está en proceso, mais, cando avanzamos, é de obriga para nós recoñecer o labor das que nos precederon, de todas

as mulleres ás que lle debemos podermos estar hoxe aquí, poder tomar hoxe o bastón de mando e saber, ter a certeza, que este mesmo xesto vai ser diferente.

A todas elas, a miña maior gratitude e, se me permiten, quixera lembrar hoxe dúas mulleres que non están xa connosco mais que me acompañarán sempre, tamén neste novo camiño, a miña nai, Maruxa de Flores, e a miña madriña Tinucha. A elas débolles moito do que hoxe son.

Serei, como dicía, a primeira muller na alcaldía da capital galega, unha alcaldesa feminista e nacionalista, ben o saben. Mais unha alcaldesa que traballará para toda a veciñanza, que ten como obxectivo coidar o concello e todas as persoas que o habitan. Unha alcaldesa que, con humildade, dará todo o mellor de si para que este goberno funcione.

O día seguinte das eleccións, contábame un compañeiro que a súa nena de 8 anos, Xiana, dixera que estaba moi feliz porque ía haber unha alcaldesa que "íá plantar moitas árbores". –Sei que plantar árbores é só unha das moitas accións por unha cidade de futuro, mais alégrome de que a cativa ficase con esa idea. Gustaríame que, cando sexa a hora do balance, poida dicir que fun unha alcaldesa que plantou árbores e que mellorou a vida de Compostela e a súa xente. Se así for, asegúrolles que todo o esforzo valerá moito a pena.

Comeza un tempo novo. Santiago merece un futuro resplandecente, como cando, coa luz cincenta do outono, o noso xingko biloba do xardín das pedras que falan se ilumina coas súas follas douradas nun dos singulares espectáculos a que nos afai esta cidade belísima. Este goberno que hoxe bota andar será o de todas e todos vós. Fico obrigada para sempre.